

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS:

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 22/2005, do 10 de febreiro, polo que se dispón que cese Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez como director da Academia Galega de Seguridade da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

En virtude do disposto nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de febreiro de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Que cese Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez como director da Academia Galega de Seguridade da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, dez de febreiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 23/2005, do 10 de febreiro, polo que se nomea a José Antonio Vázquez Taín director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

En virtude do disposto nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada

pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de febreiro de dous mil cinco,

Nomeo a José Antonio Vázquez Taín director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

Santiago de Compostela, dez de febreiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 3 de febreiro de 2005 pola que se clasifica como benéfico-social a Fundación Lusekelo-Alegría.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Lusekelo-Alegría*, con domicilio en Vigo.

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Lusekelo-Alegría* foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o vinte de decembro de dous mil catro, ante o notario Santiago Botas Prego, co número cinco mil trescentos cincuenta e dous do seu protocolo por Jesús Campos Bernárdez, Marta Muñiz Fernández, María-Rosa Agulla Álvarez, Manuel Fernández de la Torre, Ignacio Albo Quiroga, Jesús Muñiz González, Mónica-Patricia Muñoz Sobrino, Ramiro Taboada González, María del Pilar Robes Argibay, Adolfo-José Labandeira Prieto, María-Teresa Rodríguez Aparicio, María-Victoria Pérez Rodríguez, María-Asunción Rubio Domínguez, Teresa Rodríguez Parada, Francisca-María Nicolás Pérez, Beatriz-María Pérez Homem de Almeida, Salvador Montes Bon, Olga Pompeya Sobrino Ramilo, Marcial-Carlos Muñoz Sobrino, María-Jesús Iglesias García, Irene Arroyo Campos e María Luz Rey Cordal.